



INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS E O ALUMNADO:

TIC

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

4º ESO

PROFESOR	Raquel Sierra Figueroa		
CONTIDOS	<u>1ª Avaliación</u> <ul style="list-style-type: none">• Produción ofimática• Computadores e sistemas operativos• Redes informáticas e a súa seguridade (parte)	<u>2ª Avaliación</u> <ul style="list-style-type: none">• Redes informáticas e a súa seguridade (parte)• Ética e estética na rede• Produción multimedia	<u>3ª Avaliación</u> <ul style="list-style-type: none">• Publicación de contidos na web• Internet e redes sociais
CUALIFICACIÓN: instrumentos, ponderación, mecanismo de recuperación	<ul style="list-style-type: none">• Probas escritas ou probas realizadas con ferramentas informáticas: 60% da avaliación.<ul style="list-style-type: none">◦ <u>Na 1ª e 2ª avaliación:</u> Probas escritas A cualificación correspondente as probas escritas calcúlase como a media aritmética das puntuacións de cada proba.◦ <u>Na 3ª avaliación:</u> Elaboración e publicación dunha paxina web e dun blog. A cualificación correspondente se calcula como a media aritmética das puntuacións de cada unha das dúas producións.• Producións (tarefas, traballos, proxectos, practicas): 40% da avaliación.• A nota da avaliación ordinaria (final) calcularase como a media aritmética da notas das tres avaliacións. O alumnado que non supere a materia deste xeito, realizará unha proba final de todos os contidos do curso. A valoración do caderno de aula (ou portafolio dixital) das actividades realizadas no período entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final sumará ata 0,5 puntos á nota do curso.		
RECUPERACIÓN: superación da materia pendente pola avaliación continua	<ul style="list-style-type: none">• Proporase ao alumnado o repaso das unidades didácticas da avaliación ou avaliacións nas que non acadaron os obxectivos mínimos. De cada unidade didáctica os alumnos deberán realizar unha serie de actividades escritas ou actividades feitas con ferramentas informáticas, que serán entregadas periodicamente ó profesor. Estas actividades puntuaranse de 0 a 10. Realizarase unha proba escrita que consistirá nun exame sobre a totalidade dos contidos das unidades didácticas da avaliación ou avaliacións nas que non acadaron os obxectivos mínimos. Esta proba puntuarase de 0 a 10• A cualificación na recuperación dunha avaliación basearase nun 50% na proba escrita realizada. O 50% restante corresponderá á media aritmética das actividades realizadas polo alumno.• Nota: Se nalgunha avaliación non se realizasen actividades escritas ou actividades feitas con ferramentas informáticas, a porcentaxe correspondente engadirase á das probas escritas.		
TIC	<ul style="list-style-type: none">• O traballo coas ferramentas TIC será diario dado o carácter da materia e impartirse esta na Aula de Informática. Empregarase de xeito regular a aula Moodle do centro.		
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	<ul style="list-style-type: none">• As actividades complementarias e extraescolares dependerán da evolución da situación sanitaria derivada da COVID-19, no podendo precisarse no momento de elaborar a programación.		